



**I PREMIO DE POESÍA
EN LINGUA GALEGA
Xaquina Trillo**

A Asociación Cultural Mesa das Verbas de Vilagarcía de Arousa en colaboración coa Concellería de Cultura do Concello de Vilagarcía de Arousa e co Centro Comercial Arousa de Vilagarcía convoca o I Concurso de Poesía en Lingua Galega “Xaquina Trillo”, que se rexerá sobre as seguintes bases e indicando que o fallo do xurado será inapelable e será este o intérprete do contido e do espírito destas bases. A participación neste concurso implica a aceptación plena e absoluta das bases e aceptación sen condicións das decisións soberanas do xurado.

- I. O concurso está dirixido á participación da mocidade que estea a cursar os estudos do Ensino Secundario Obrigatorio (ESO); é dicir destinado a mozas e mozos entre 12 e 16 anos. A idade acreditarase presentando unha fotocopia do NIF ou co resgardo da matrícula na ESO no presente curso escolar 2021-2022.
- II. Os premios en ningún caso poderán declarase desertos, agás no caso da non participación.
- III. Participarase cun poema que non exceda dos 60 versos, extensión máxima sesenta versos. O poema ten que ser inédito e orixinal e non ter sido premiado en ningún outro concurso.
- IV. O poema ten que estar escrito necesariamente en idioma galego.
- V. Presentarase baixo plica, do seguinte xeito: Nun sobre grande incluírase o poema, que non pode levar ningún signo de identidade, agás dun lema para o seu recoñecemento. Nun sobre pequeno, que se introducirá no grande irá unha cuartilla co lema e cos seguintes datos da autora ou do autor: a) Nome e apelidos; b) Idade acreditada coa fotocopia do NIF onde figura a data de nacemento ou unha copia do resgardo da matrícula na ESO correspondente ao curso escolar 2021-2022; c) Un enderezo de correo electrónico; d) Un número de teléfono; e) A dirección postal do autor; f) O nome e identificación do centro de estudos, g) Un pequeno escrito de autorización para a utilización dos datos persoais a efectos de participación no concurso, avalado pola nai/pai ou titor/a da persoa participante e co seu consentimento. O sobre pequeno levará eses datos no seu interior e estará pechado.
- VI. O sobre co seu contido será depositado nunha furna que estará situada nun lugar sinalado e publicitado no Centro Comercial Arousa de Vilagarcía. Ou ben pode enviarse por correo postal ao seguinte enderezo: I Concurso de Poesía en Lingua Galega “Xaquina Trillo” - Dirección Centro Comercial Arousa, Prolongación Parque a Xunqueira, s/n – 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- VII. O prazo de entrega será desde o 17 de novembro de 2021 ata o 10 de xaneiro de 2022.
- VIII. O fallo darase a coñecer no mes de xaneiro de 2022.

- IX. A entrega de premios será no acto que celebre o Concello de Vilagarcía de Arousa co gallo do Día de Rosalía de 2022 e que oportunamente se anunciará.
- X. Publicaranse os poemas premiados no blog: www.mesadasverbas.blogspot.com Tamén se publicarán nun número da nosa revista poética ANACO, editada polo Concello de Vilagarcía de Arousa. Para isto, os autores, por medio dos seus titores, cederán durante un ano os dereitos dos seus poemas para facilitar dita publicación.
- XI. PREMIOS: a) 1º Premio que consistirá en 100 €, un vale de 100 € para gastar no Centro Comer7cial Arousa e xentileza do mesmo, un diploma e un agasallo do Concello de Vilagarcía de Arousa. b) 2º Premio que consistirá en 50 €, un vale de 50 € do Centro Comercial Arousa, un diploma e un agasallo do Concello de Vilagarcía de Arousa. c) 3º Premio que consistirá en 25 €, un vale de 25 € do Centro Comercial Arousa e un diploma e un agasallo do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- XII. O Xurado estará composto por un mínimo de tres persoas que serán designadas pola Asociación Cultural Mesa das Verbas, A Concellería de Cultura do Concello de Vilagarcía de Arousa e polo Centro Comercial Arousa.
- XIII. Reitérase que o fallo do xurado é inapelable, encargado de dirimir e interpretar sobre as presentes bases e que a participación neste concurso supón a plena e absoluta aceptación das mesmas.
- XIV. O resultado do concurso será dado a coñecer aos concursantes e será publicado no blog oficial da Asociación Cultural Mesa das Verbas antes citado, así como na web do Concello de Vilagarcía de Arousa e na web e Facebook do Centro Comercial Arousa. Tamén serán enviadas notas de prensa con toda a información pertinente sobre o concurso aos medios de comunicación social locais.
- XV. O manexo dos datos persoais dos concursantes será exclusivamente para os asuntos relacionados con este concurso, publicidade, comunicacións, publicacións. Os concursantes premiados, por medio dos seus titores legais, cumprimentarán un documento para a autorización do manexo dos seus datos persoais cos fins exclusivos xa expresados deste concurso.
- XVI. Os traballos non premiados poderán ser recollidos. Pasado un mes, procederase a súa destrución e xa non poderán ser reclamados.

O fin deste concurso é promover a creatividade en lingua galega e fomentar a poesía en idioma galego entre a mocidade.

Amosar de antemán a nosa gratitude a todos os participantes, ao xurado, ás entidades colaboradoras e a todos cantos contribuíron ao anuncio, difusión e desenvolvemento, así como ao bo fin deste concurso.

Pretendemos a súa continuidade no tempo, compartindo ademais a arela do poeta Álvaro Cunqueiro de mil primaveras máis para a nosa lingua e para a nosa cultura.

SAÚDE E POESÍA!

ASOCIACIÓN CULTURAL MESA DAS VERBAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA